





# GUÍA DE LECTURA-FÍSICA E QUÍMICA


## Ciencia-pseudociencia-sociedad-fraudes


Título:	<b>Ciencia o Vudú</b>	
Autor:	<b>Robert L. Park</b>	
Editorial:	DeBolsillo	
Recomendado para:	<b>3º-4ºESO</b>	
Sinopse	Colección de temas cun denominador común: no seu momento f oron noticia científica pero non polos seus méritos científicos senón pola montaxe que levaron ao seu carón. A homeopatía, a fusión fría, a liñas de alta tensión que provocan cancer...	
Comentario	Excelente libro de R. L. Park. En <u>307 páxinas</u> consegue manterte pegado a el, sacarche de vez en cando un sorriso, ensínache o verdadeiro camiño da ciencia, axúdache a distinguir aos impostores e aos farsantes...todo escrito dun xeito moi ameno e fluído. É magnífico. Se che atrae o mundo da ciencia e queres separala do chismorreco barato, este é o teu libro.	


Título:	<b>El hombre que calumnió a los monos y otras curiosidades de la ciencia</b>	
Autor:	<b>Miguel Angel Sabadell</b>	
Editorial:	Acento	
Recomendado para:	<b>3-4ºESO</b>	
Sinopse	5 bloques de historias: El Universo, Tierra y Vida, Ser humano, Ingenio y Falacias. Neles o autor amosa o apaixonante mundo da ciencia con todo o bo e o malo que o rodea.	
Comentario	Colección de historias coa ciencia como base, escritas en <u>349 páxinas</u> , e salpicadas de anécdotas, curiosidades, verdades... escritas nun estilo que non che defraudará. Pasarás momentos moi divertidos e sorprendentes, sobre todo se che gusta a ciencia, e incluso se non che gusta. E ademais aprenderás un montón de cousas. É un “valor seguro” dentro disto dos libros de ciencia	


Título:	<b>13 cosas que no tienen sentido</b>	
Autor:	<b>Michael Brooks</b>	
Editorial:	Ariel	
Recomendado para:	<b>3º-4ºESO</b>	
Sinopse	13 anomalías de investigaciones actuales que, se chegan a resolverse, poden ser descubrimientos importantes o día de mañá	
Comentario	A idea pode que xa a virás en máis libros: cousas curiosas, sorprendentes, falsas...na ciencia. Pero o interesante deste libro e o xeito de escribilas. O autor viaxou por todo o mendo para entrevistarse con persoas moi relacionadas coas 13 anomalías que prantexa, e delas sacou información suficiente para construír uns ensaios sobre o tema. Escrebe moi ben, de xeito directo, non é un libro aburrido, incluso a ratos diviertido, aínda que non é un libro para calquera. Precisa que teñas unha certa predisposición pola ciencia. Ten 300 páxinas que se len rápido.	


Título:	<b>Las mentiras de la ciencia ¿Por qué y como engañan los científicos?</b>	
Autor:	<b>Federico di Trocchio</b>	
Editorial:	Alianza Editorial	
Recomendado para:	<b>3º-4ºESO</b>	
Sinopse	Coleccións de historias científicas nas que o engano e o fraude son o denominador común: Millikan, Robert Gallo, Galileo, Newton, estadísticas e probas médicas inventadas, fósiles falsos, kekulé...	
Comentario	É un libro curioso porque desmitifica a moitos científicos que tentaron acadar a fama a través do camiño do fraude: por diñeiro, por envexa...está ben botarlle unha ollada para ver que non é ouro todo o que reluce na ciencia. Son <u>469 páxinas</u> . Leva un certo tempo lelas pero merece a pena.	


Título:	<b>La homeopatía ¡vaya timo!</b>	
Autor:	<b>Victor Javier Sanz</b>	
Editorial:	Laetoli	
Recomendado para:	<b>3º-4ºESO</b>	
Sinopse	A homeopatía é un escándalo, un fraude en toda regra, que aínda se segue permitindo practicar a algúns farsantes.	
Comentario	Agresiva crítica dun autor que non deixa títere con cabeza sobre esta práctica “médica”. E unha visión moi tendenciosa pero fundamentada. Emprega moito o humor e a ironía, co cal a lectura resulta moi fluída e as súas <u>176 páxinas</u> entran fácil.	

Título:	<b>¿Tenían ombligo Adán y Eva?</b>	
Autor:	<b>Martin Gardner</b>	
Editorial:	Debate	
Recomendado para:	<b>3º-4ºESO</b>	
Sinopse	¿Pódense curar enfermidades bebendo os nosos propios ouriños? Barbaridades deste tipo son sometidas ao ollo clínico e despiadadamente científico de Martin Gardner.	
Comentario	Outro libro máis de denuncia de fraudes e patrañas científicas, pero escrito por Martin Gardner, moi considerado e respectado entre a comunidade “verdadeiramente científica”. É un defensor a ultranza do método científico e nótase. O libro lese moi ben porque a pesar de tratar moitos temas fainos en forma de artigos de opinión curtos, fáciles de ler. OVNIS, relixión...e moitos temas máis en <u>400 páxinas</u> de lectura obligada.	

Título:	<b>Ciencias y pseudociencias Realidades y mitos</b>	
Autor:	<b>Carlos Álvarez, Luís Díaz, José María Riol e Inés Rodríguez</b>	
Editorial:	Equipo Sirius	
Recomendado para:	<b>3º-4ºESO</b>	
Sinopse	Fenómenos naturais sometidos a análise para separar o que é propio da ciencia do que non o é: bombas atómicas, mecánica cuántica, vida extraterrestre...	
Comentario	Colección de artigos escritos por diversos autores, a maioría relacionados coa Universidade da Laguna e o Instituto de Astrofísica de Canarias, en Tenerife. É a versión impresa das reflexións feitas durante un curso impartido por dita Universidade. Presenta os dous puntos de vista, o crédulo e o escéptico. Unha estratexia intelixente para que o lector decida por cal decantarse. Ten <u>368 páxinas</u> . Non é unha xoia pero non está mal se queres escoitar diferentes puntos de vista sobre este típico debate ciencia-pseudociencia	

Título:	<b>La ciencia por gusto Una invitación a la cultura científica</b>	
Autor:	<b>Martín Bonfil Olivera</b>	
Editorial:	Paidós Ibérica	
Recomendado para:	<b>3º-4ºESO</b>	
Sinopse	Variedade de temas nos que a ciencia ten algo que dicir expostos máis como se fose unha conversación tomando un café que nunha institución seria.	
Comentario	Autor Mexicano que tenta divulgar a ciencia combatendo as charlatanerías pseudocientíficas. Interesante. <u>196 páxinas</u> .	

Título:	<b>El genio incomprendido</b>	
Autor:	<b>Federico di Trocchio</b>	
Editorial:	Alianza editorial	
Recomendado para:	<b>3º-4ºESO</b>	
Sinopse	Repaso a personalidades históricas que impulsaron o coñecemento humano pola súa xenial intuición pero que sufriron o desprezo e a incomprensión da sociedade e incluso da comunidade científica: Colón, Galileo, Velikovski...	
Comentario	Un xeito curioso de aproximarse á ciencia destacando o valor que hai que ter para propoñer unha teoría nova e enfrontarse á desconsideración dos demais. Ao mesmo tempo é unha defensa das intuicións xeniais fronte á inmovilismo científico e as patrañas pesudocientíficas. Non é un libro moi fácil de ler, ten unhas 384 páxinas , pero se che gusta o xeito de pensar en ciencia e cres nas xenialidades como motor de avance do coñecemento, este é un dos teus libros.	

Título:	<b>Os dados do reloxeiro</b>	
Autor:	<b>Xurxo Mariño</b>	
Editorial:	Consello da cultura galega	
Recomendado para:	<b>3º-4ºESO</b>	
Sinopse	Reflexións do autor sobre diversos temas de actualidade científica	
Comentario	Libro moi curto (unhas 160 páxinas) que é unha magnífica axuda para entrar no mundo da ciencia, principalmente da bioloxía e da física, da man dun experto na materia: Xurxo Mariño. Profesor da Universidade da Coruña e excelente divulgador. Este libro foi a consecuencia das ideas e reflexións de Xurxo na súa columna de opinión en <a href="http://www.culturagalega.org">www.culturagalega.org</a> . Ten un valor adicional: é un dos poucos desta temática.que se poden ler en galego. Recomendable desde logo. Ademais o libro ten as ilustracións de Xosé Lois, que lle dan un toque moi divertido.	